



## IV CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DA NATUREZA: AVES

### BASES DO CONCURSO

#### 1- TEMA

Aves.

#### 2- PARTICIPANTES

O concurso está aberto a afeccionados e profesionais sen límite de idade.

#### 3- REQUISITOS DA IMAXE

3.1- A imaxe debe ser orixinal e propiedade do participante.

3.2- As fotografías presentaranse en formato dixital cunha resolución de mínimo 150 ppp con 2000 px no lado máis longo.

3.3- Está permitido o revelado da imaxe pero non se admitirán fотомontaxes.

3.4- Boas prácticas: as imaxes deben reflectir as situacións naturais evitando sufrimento, perturbacións ou interferencias no comportamento dos seres vivos. Non está permitido extraer exemplares do seu hábitat e trasladalos de lugar para tomar imaxes noutro sitio.

#### 4- PRESENTACION DAS FOTOGRAFÍAS

Cada participante poderá presentar un máximo de dúas obras orixinais, inéditas e non premiadas noutros concursos.

As fotografías entregaranse dentro das datas indicadas cun arquivo PDF adicional con: título e lema, nome e apelidos do autor, dirección, teléfono, e-mail e ademais, o documento de cesión de dereitos de imaxe e protección de datos (Anexo I, deste documento) debidamente cumprimentado.

Os arquivos informáticos enviaranse por e-mail a

[comunicacion.museohistorianatural@usc.es](mailto:comunicacion.museohistorianatural@usc.es) indicando o lema no texto da mensaxe.

#### 5- PRAZO DE PRESENTACION

O prazo de admisión dos traballos será ata o 25 de maio de 2024 ás 23:59 horas.

#### 6- FALLO DO XURADO, EXPOSICIÓN E ENTREGA DE PREMIOS

O Xurado adxudicará un primeiro premio de 300 euros, un segundo de 200 euros e un terceiro de 100 euros, entre as fotografías participantes.

Calquera dos premios poderá quedar deserto se o xurado estima que as obras non reúnen a suficiente calidade.

O fallo do Xurado darase a coñecer no mes de xuño na web da asociación

<http://www.usc.gal/museohn/museo/amigos.html>. A entrega dos premios farase o día **5 de**

**xuño** (Día Mundial do Medio Ambiente) no acto de inauguración da exposición das fotografías seleccionadas.

O Xurado fará unha selección entre as obras presentadas, que se expoñerán no Museo de Historia Natural da USC.

#### 7- XURADO

Será designado pola Xunta Directiva da AAMHN e valorará o interese científico e a calidade artística e técnica das obras así como a súa relación co tema do concurso. O fallo do xurado será inapelable.

#### 8- UTILIZACIÓN POR PARTE DA AAMMHN DAS OBRAS SELECCIONADAS

A AAMHN e o MHN USC resérvanse os dereitos de reprodución e publicación en calquera soporte ou medio, citando sempre a autoría.

Así mesmo, poderá eventualmente utilizar algunha(s) das imaxes seleccionadas para a exposición con fins de promoción deste concurso, mencionando sempre a autoría.

#### 9- PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 de Protección de datos de Carácter Persoal e a través do formulario que se adxunta (Anexo I), cada participante presta consentimento para o tratamento dos seus datos persoais que serán incorporados á base de datos d a AAMHN e poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición establecidos na devandita Lei, para o que deberán dirixir a súa petición á seguinte dirección: [comunicacion.museohistorianatural@usc.es](mailto:comunicacion.museohistorianatural@usc.es)

#### 10- RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS

Calquera dúbida respecto ao concurso pode consultarse, mediante e-mail, dirixido ao seguinte enderezo: [comunicacion.museohistorianatural@usc.es](mailto:comunicacion.museohistorianatural@usc.es)

#### 11- ACLARACIÓNS

Cada concursante só poderá recibir un dos tres premios outorgados polo xurado. O feito de participar supón a aceptación total das bases. A persoa participante manifesta e garante que é a única autora da/s fotografía/s e titular de todos os dereitos de autor sobre a/s fotografía/s que presenta ao concurso. Así mesmo, será responsabilidade da persoa participante solicitar a autorización das persoas que puidesen aparecer en cada fotografía, para a efectiva actividade que se convoca, a menos que dita fotografía fose tomada nun sitio público e na forma legalmente establecida, asumindo toda reclamación polos dereitos de imaxe. Ademais, será a única responsable legal ante calquera controversia que poida xurdir por incumprimento da lei respecto dos dereitos de autor polo uso de imaxes preexistentes. Toda obra que non cumpra os requisitos establecidos nestas bases quedará automaticamente fóra de concurso.

ANEXO I

AUTORIZACIÓN

CESIÓN DEREITOS DE IMAXE

Eu D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ Con  
DNI \_\_\_\_\_

Con domicilio en \_\_\_\_\_ Rúa \_\_\_\_\_  
CP \_\_\_\_\_

AUTORIZO á Asociación de Amigos do Museo de Historia Natural da USC e ao Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela a utilizar a obra obxecto de participación no IV Concurso de Fotografías de Natureza para a súa utilización e difusión en todo tipo de soportes publicitarios físicos ou dixitais (páxina web, redes sociais, e-mail, entre outros) segundo o estipulado nas bases do Concurso.

PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento da normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os datos de carácter persoal que nos facilite incluíranse na base de datos da Asociación de Amigos do Museo de Historia Natural da USC, coa finalidade estipulada nas bases do III Concurso de Fotografías de Natureza. En calquera caso, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, para o que deberá dirixir a súa petición á seguinte dirección: [amhnusc@gmail.com](mailto:amhnusc@gmail.com)

Así mesmo informámoslle que os datos solicitados non serán utilizados para ningunha outra finalidade da citada no parágrafo anterior. No caso de exercicio do dereito de cancelación a entidade procederá á supresión da información das súas bases de datos.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Asinado: